

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

4 de setembro de 2025

Duración:

Desde as 20:37 ata as 22:44

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ



	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	NON
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	NON
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	NON
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE AGOSTO DE 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de agosto de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 3841/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2026

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o Decreto nº 46/2025, de 9 de xuño, polo que se determinan as festas da





Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026, publicado no DOG nº 117 de 20 de xuño de 2025.

Vista a comunicación da Área de Relacións Laborais do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibida neste Concello o 20 de xuño de 2025 (registro de entrada 2025-E-RC-7128), pola que se solicita a remisión do acordo de determinación dos Festivos Locais para o ano 2026 deste Concello antes do 15 de setembro do ano en curso.

Vistos os pronunciamentos feitos pola Mesa Local de Comercio e polo Pleno do Consello Económico Social nas súas sesións de data 30 de xullo de 2025.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1462 de 5 de agosto de 2025, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 21 de agosto de 2025.

Unha vez a proposta é debatida, sométese a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2026, os días 17 de febreiro (Martes de Entroido) e 26 de xuño (coincidente coas festas patronais “San Paio”).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Área de Relacións Laborais do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Expediente 1263/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DE ACTIVIDADE ECONÓMICA, AOS EFECTOS DE BONIFICACIÓN TRIBUTARIA NO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a solicitude de 04/03/2025 (registro de entrada 2025-E-RC-2173) do contribuínte D. Ramiro González Rodríguez, presentada dentro de prazo para obter a bonificación por





usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza municipal do Imposto sobre Bens Inmables.

Tendo en conta que este beneficio fiscal está sometido á condición de que o Pleno do Concello declare de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmobles por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.

Vista a documentación achegada polo interesado.

Visto o informe emitido o 21 de agosto de 2025 pola técnica de administración xeral do departamento de Intervención.

Vista a normativa aplicable.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1546 de 21 de agosto de 2025, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión celebrada o 27 de agosto de 2025.

Debatida a proposta, é sometida a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Declarar de especial interese ou utilidade municipal a actividade económica desenvolvida no inmovle que se relaciona a continuación, para efectos da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza municipal do Imposto sobre Bens Inmables, a favor do titular catastral respectivo, na porcentaxe indicada:

Con efectos 1 de xaneiro de 2025

Nº Expte.	SOLICITANTE	REFERENCIA CATASTRAL	LUGAR/ PARROQUIA	% Bonificación
1263/2025	González Rodríguez, Ramiro (D.N.I.: [REDACTED])	001401400NH42A0000HF	Parafita- Nigoi	95%

Expediente 3834/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN A ADOPCIÓN DE MEDIDAS ANTE A SITUACIÓN DA VIVENDA NO NOSO CONCELLO

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0



Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a Moción presentada o 20 de xuño de 2025 (rexistro de entrada 2025E-RCIU-1) polo grupo político municipal do BNG, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“Un dos dereitos básicos da cidadanía é o dereito á vivenda, tal como está recollido na constitución. Mais este dereito viuse restrinxido dende sempre, e fundamentalmente nos últimos anos, debido ao incrementos dos prezos dos alugueiros (entre outros factores), o que obriga aos traballadores/as a ter que recorrer a situación como compartir piso, alugar habitacións ou mesmo voltar ao chabolismo, ante a diferenza cada vez maior entre os salarios e o prezo dunha vivenda digna.

A esta situación chegou debido a que os distintos gobernos do Estrado permitiron que a vivenda se constituíra como un instrumento financeiro que xustifica o incremento dos prezos, nunha relación amañada entre a oferta e a demanda, xa que a pesar do grande número de casas desocupadas, estas non se incorporan á oferta, manténdose así a progresión á alza dos prezos das vivendas e dos arrendamentos.

Esta situación xerou unha grande contestación social que obrigou ás administracións públicas a mudar a súa actuación que se manifestou en intentos, xeralmente fallidos, de topar os alugeiros e retomar a construción de vivenda social, que nos últimos anos foi abandonada. É moi explicativo que entre 2011 e 2024 se construíra menos vivenda social que no ano 2007..

En todo caso, a medida proposta polo grupo de goberno é pouco ambiciosa e sen os recursos suficientes para ser efectiva. É insuficiente, e para ser eficaz tería que considerar:

Primeiro: Partir dun estudo real sobre a necesidade de vivendas en cada territorio que permita elaborar un plan efectivo para resolver este problema

Sgundo: Contemplan a mobilidade de edificios desocupados, promovendo de ser necesario a súa rehabilitación para a súa inclusión nun parque de vivendas en alugueiro.

Terceiro: Realizar un estudo económico que permita adecuar o valor da vivenda á capacidade económica das persoas que a precisan, acometendo as modificacións legais precisas para que a súa valoración se basee no valor real, no canto dun prezo de mercado, que como xa se manifestou, é manipulábel. Así evitaríamos que o custo desta solución recaia nas finanzas das administracións públicas e engorde as contas de resultados de fondos voitre e demais corporacións financeiras.

Cuarto: Mobilizar a vivenda desocupada, fundamentalmente as que son propiedade de bancos, inmobiliarias e fondos de investimento. Isto pódese levar a cabo a través de medidas fiscais como:

-Fixar un prezo de referencia dos alugueiros e gravar fiscalmente de xeito progresivo





canto máis se afaste dos valores pautados.

-Gravar fiscalmente as vivendas desocupadas de propiedade de grandes posuidores, tamén progresivamente, en función do tempo que leve desocupada a vivenda.

Se é certo que, xeralmente, as competencias en vivenda non corresponden aos concellos, estes deben colaborar de xeito activo na solución desta situación.

No caso da Estrada, o goberno municipal cedeu ultimamente á Xunta de Galiza uns terreos conseguidos da xestión urbanística para a construción de nova vivenda social, o que seguramente é insuficiente, pero é que ademais, nós consideramos que hai outras alternativas a ter en conta. Unha das opcións pode ser a rehabilitación de edificios que, tanto no centro da vila como no rural, están degradados e mesmo abandonados, e que promovendo a súa restauración, permitiría incorporalos a un parque de vivendas en alugueiro, recuperando así zonas degradadas da Estrada, revitalizando o concello e mellorando así a súa imaxe.

Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:

1.- Realización dun estudo que determine o número de vivendas desocupadas, a súa titularidade, oferta existente en alugueiro, prezos, demandantes de vivenda e situación económica dos mesmos, para que sirva de base para elaborar un plan de vivenda que satisfaga as necesidades da poboación Estradense.

2.- Creación dun parque público de vivendas en alugueiro ao que se poidan incorporar os propietarios particulares que o desexen, complementándose coa construción de vivendas de promoción pública na cantidade necesaria para equilibrar oferta e demanda..

3.- Promover a recuperación dos edificios desocupados en estado de abandono, a executar mediante a iniciativa privada ou pública de ser necesario, coa fin de incorporalos ao parque público de vivenda.

4.- Activar o PXOM emprendendo as modificación precisas para:

- Obter solo público para a construción de vivenda socia*
- Adaptar a delimitación dos núcleos rurais á necesidade en réxime de autopromoción*
- Abordar a construción das infraestruturas necesarias para un desenvolvemento harmónico da vila.*

5.- Impulsar a creación dun órgano de coordinación entre as administracións con competencia en vivenda para canalizar o financiamento e axuda pública necesarias para a execución do plan municipal de vivenda, e mesmo promover as modificacións legais precisas para legalizar o seu marco.”

Visto o Ditame desfavorable da Comisión Informativa de Reto Demográfico, adoptado na sesión celebrada o 21 de agosto de 2025.



Resolución:

Unha vez debatida a moción, é sometida a votación, sendo rexeitada polos votos a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), e en contra dos do grupo do PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE AGOSTO DE 2025 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 29 de agosto de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-1188 ao número 2025-1302 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, as seguintes persoas asistentes no público:

- D. Manuel López Dono (DNI [REDACTED])
- D. José Manuel Valladares Bugallo (n.º pasaporte venezolano [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e corenta e catro minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o





acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2025/09/05/pleno-concello-de-a-estrada-4-de-septiembre-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

6818EF03D816DA6C2BFE005EC0059A0A362543EA41772B32124E0E2B6416B974

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 7SGTHWWFHKYWLDA6M9G74LN47
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8

